

## RESUMO PROGRAMACIÓN

<b>DEPARTAMENTO</b>	<b>ECONOMIA</b>
<b>MATERIA</b>	<b>ECONOMIA DA EMPRESA</b>
<b>ANO ACADÉMICO</b>	<b>2018/2019</b>
<b>CURSO</b>	<b>2 BAC</b>

### **CONTIDOS**

1. Empresa e empresario.
2. Clases de empresas.
3. Estratexia e desenvolvemento empresarial.
4. Dirección e organización da empresa.
5. Xestión dos recursos humanos.
6. Área de produción.
7. Área de aprovisionamento.
8. Área comercial. O marketing.
9. Estados financeiros da empresa e fiscalidade empresarial.
10. Análise dos estados financeiros da empresa.
11. Área de financiación e inversión.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

A nota de cada unha das avaliacións calcularáse seguindo as seguintes ponderacións:

<b>Cualificación obtida nas probas obxetivas</b>	<b>Comportamento e actitude na aula</b>	<b>Realización de exercicios, traballos propostos dentro e fóra da aula</b>
90 %	5 %	5 %

#### **Probas obxetivas:**

Realizaranse entre un e tres exames por avaliación. Ditas probas serán ponderadas co 90 % sobre a nota global da avaliación.

As probas escritas, de unha ou varias unidades didácticas, poderán constar de:

- Preguntas curtas.
- Preguntas tipo test , de resposta única ou múltiple.
- Preguntas longas ou de elaboración nas que deberán amosar o grao de asimilación dos contidos propostos na programación.
- Resolución de problemas aplicando técnicas matemáticas e estadísticas.
- Representación e interpretación de gráficos explicativos do comportamento das distintas variables económicas.
- Análise e obtención de conclusións sobre calquer cuestión plantexada en relación á

predicción do comportamento tanto de variables coma dos axentes económicos que interveñen no mercado.

- Realización dun comentario sobre un texto de contido económico.

En cada proba obxetiva farase constar a puntuación de cada un dos apartados que a compoñan, sendo a puntuación total dun máximo de 10 puntos.

**Comportamento e actitude na aula:**

Avaliarase, cunha ponderación do 5 % sobre a nota global da avaliación, os seguintes aspectos:

- Asistencia a clase.
- Puntualidade nas entregas dos traballos.
- Respeto aos demais compañeiros e ao profesor.
- Normas de convivencia.
- Actitude participativa, creativa e colaborativa por parte do alumnado

**Realización de exercicios, traballos propostos dentro e fóra da aula:**

Valorárase, cunha ponderación do 5 % sobre a nota global da avaliación, a realización dos seguintes:

- Exercicios e cuestións plantexados para a súa realización na aula ou fóra da mesma.
- Preparación dos traballos propostos.
- Expresión oral e escrita dos traballos.
- Probas tipo test.
- Realización de búsquedas en Internet e tratamento da información obtida.

A nota global de cada avaliación será o resultado de sumar as puntuacións obtidas, previa aplicación do porcentaxe de ponderación, nos seguintes:

Probas obxetivas+ Comportamento e actitude+ Realización de exercicios e traballos propostos

**sempre e cando a nota acadada en cada unha das probas obxetivas non sexa inferior a 4 puntos sobre 10.** As calificacións redondearanse á alza a partir de 0,5 puntos, sempre que a calificación resultante da avaliación correspondente sexa igual ou superior a 5 puntos.

No caso de que nalgunha das probas obxetivas nos se tivese acadado a nota mínima de 4 puntos, a nota de avaliación será a nota resultante do sumatorio das probas obxetivas, o comportamento e actitude e a realización de traballos propostos, cun máximo de 4 puntos, debendo recuperar a avaliación segundo os criterios que se detallan a continuación.

Cada avaliación terá a súa oportunidade de recuperación nun exame que se realizará despois de cada unha das avaliacións no que se incluírán todos os contidos de cada avaliación, en caso de superar o dito exame, a cualificación que se computará para o cálculo da cualificación final da materia será de 5 puntos sobre 10. En caso de non superar esta primeira opción de recuperación deberase realizar o exame de xuño, neste exame dividirase en tres partes, que coincidirán cos contidos avaliados previamente en cada unha das avaliacións do curso, en caso de superar o dito exame, a cualificación que se computará para o cálculo da cualificación final da materia será de 5 puntos sobre 10 en cada unha das avaliacións recuperadas.

A cualificación final da materia será unha **media aritmética das tres avaliacións utilizando as notas reais dos alumnos previo ao redondeo, sempre e cando en todas e cada unha de elas a nota sexa igual ou superior a 4 puntos sobre 10. Para aprobar a materia é necesario que do cálculo de dita media resulte unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.**

En caso de non acadar unha puntuación mínima de 5 puntos na avaliación de xuño, os contidos da materia deberán ser recuperados na súa totalidade na proba de setembro. Dita proba abarcará toda a materia impartida durante o curso e constará tanto de preguntas curtas como de preguntas a desenvolver, así como de algún exercicio práctico ou comentario dun texto económico.

A utilización de material non autorizado, en calquera das probas obxetivas a realizar ao longo do curso, suporá unha calificación máxima de 2 puntos na avaliación correspondente.

No caso de que algún alumno ou alumna sexa sorprendido pola profesora intentando comunicarse cun compañeiro ou compañeira, será penalizado restándolle 2 puntos na calificación acadada na proba obxetiva realizada.